.BLOQUE 4. DIMENSIÓN SOCIAL E CULTURAL

- .ÿ A educación en **Europa e fóra de Europa**
- .ÿ Valores sociais: diferentes dificultades para ir á escola en países subdesenvolvidos.
- .ÿ Psicoloxía: un cuarto persoal, coñecemento dos demais.
- .ÿ Lóxica: xogos de lóxica dedutiva e espacial, procedementos sistemáticos, construír o significado comezando polas frases clave, as « *phrases clés* », (Caderno).
- .ÿ Educación: actividades e lecer.

.MODULE 2

.BLOQUE 1. COMPRENDER, FALAR E CONVERSAR

.

.1. Actos de fala

- .ÿ Expresar sensacións e emocións.
- .ÿ Falar do que se vai facer inmediatamente.
- .ÿ Contar unha experiencia vivida, describir acontecementos pasados.
- .ÿ Indicar e preguntar a quen pertence un obxecto.

.

.2. Tipoloxía de textos para a linguaxe oral

- Un anuncio de emisión e un relato radiofónico.
- Unha canción
- O relato oral dunha experiencia vivida.
- Diálogos e monólogos
- Xogos orais.

.

.3. Comprensión oral

- Comprensión oral esencial e detallada das mensaxes cotiás e textos diversos do Módulo 2 con apoio ou non da imaxe e do texto escrito.
- Comprensión oral en detalle das estruturas sintácticas afirmativas, imperativas, interrogativas e negativas, (repasso do nivel 1 ou novas adquisicións do Módulo 2). En particular: *il faut* + inf., *aimer* + inf., *avoir* + sentemento, *avoir envie / besoin de* + inf., estruturas verbais do futuro próximo e do *passé composé* na forma afirmativa.

.

.4. Expresión oral

- Reprodución oral correcta dos modelos propostos, incluíndo pronuncia, entoación e ritmo.
- Memorización da canción e do relato de ficción. Representar con xestos e falar do que se representou.
- Expresión guiada: variación de modelos estudados (exemplo: variacións gramaticais consistentes en pasar ao futuro próximo, pasar ao *passé*, cambiar a persoa dos verbos, etc.).
- Expresión semilibre, individual e en subgrupos: inventar e facer que falen uns personaxes, contar o desenvolvemento duns acontecementos pasados ou futuros, representar unha historia misteriosa inventada.
- Xogos orais de reutilización de estruturas sintácticas (*Qui suis-je ?*, *À qui est-ce ?*, etc.).

.

.BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

.

.1, Tipoloxía de textos para a linguaxe escrito

- Relatos escritos (Caderno).
- Test escrito (Caderno).
- Xogos de lóxica (Caderno).
- Listaxes variadas, instrucións do Caderno.
- Transcrición dos diálogos e textos escoitados.

.

.2. Comprensión escrita

- Comprensión escrita funcional e detallada das instrucións
- Comprensión escrita global e funcional de consellos para transformar unha lectura en espectáculo e crear ambiente nun relato oral.
- Xogo de lóxica escrito para resolver cunha lectura non lineal.

.

.3. Expresión escrita

- Resposta a unhas preguntas cerradas ou abertas. Completar textos con ocos. Frases para completar. Recuperar a orde de frases e textos.

- Expresión escrita guiada: transformación dun texto (pasar do presente ao pasado), explicacións, composición dun resumo.
- Expresión semilibre en situación: imitación dun relato.
- Expresión máis libre a partir de elementos impostos que combinan as adquisicións do módulo.
- Xogos de escrita.

BLOQUE 3. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA E A SÚA APRENDIZAXE

.1. Coñecemento da lingua

.1.1, Vocabulario

- .ÿ Sensacións (soño, medo, fame...).
- .ÿ Verbos chamados de movemento (que se conxugan co auxiliar *être*).
- .ÿ Algunhas prendas de roupa.

.1.2. Gramática

.ÿ Estruturas globais

- *Avoir* + sensación: *avoir faim / soif / sommeil / froid / chaud / peur...*
- *Avoir envie de* + infinitivo.
- *Avoir besoin de* + infinitivo.

.ÿ Puntos analizados

- Futuro próximo.
- *Passé composé* con *être* e *avoir*.
- Participios pasados en *-é, -í, -u*.

.1.3. Fonética

- .ÿ Discriminación das vogais orais próximas semiabertas e semicerrada: [e], [ɛ], [ə].
- .ÿ Discriminación das consonantes próximas xorda e sonora [f] e [v].

.1.4. Da lingua escrita á lingua oral

- .ÿ Oio [e] - Escribo *é, er, é, ez* coma en *bébé, aller, les, venez.*
- [ɛ] - *è, ai, e* *père, j'aime, cette, avec*
- [ə] - *e* *me, le, je, ce...*
- .ÿ Oio [f] - Escribo *f* coma en *fille.*
- .ÿ Oio [v] - Escribo *v* coma en *vai.*

.2. Reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe

.2. 1. Funcionamento da lingua

.ÿ Morfoloxía e sintaxe

- Observación e análise, indución e reflexión sobre o funcionamento do futuro próximo e do *passé composé* con *être* e *avoir* na forma afirmativa. Formulación e memorización das regras de construción.
- escoita, clasificación e dedución dos vencellos entre o infinitivo e o participio pasado dos verbos máis frecuentes.
- Observación das estruturas con *avoir*: *avoir peur / besoin / envie de* + nome, *avoir besoin / envie de* + inf.

.Ÿ Do escrito ao oral e do oral ao escrito

.-.Reflexión a partir da observación das diferenzas entre a pronuncia e a ortografía:

. - Progresión son / grafía de J'entends - J'écris:

. Oio [e] - Escribo é.

. Oio [Σ] - Escribo è, pero tamén *ai (j'aime)* ou *e* diante dunha consonante sonora (*avec*) ou unha consonante dobre (*cette*).

.Oio [ə] - Escribo e (*me, le, je, ce...*).

.Oio [f] - Escribo *f (fille)*.

. Oio [v] - Escribo *v (vai)*.

.- Ortografía fonética e gramatical: [e]= -é (*les, mes*) -> valor de plural, [e]= -er (*aller, regarder*) -> valor de infinitivo, [e]= -ez (*venez*) -> valor da 2ª persoa de plural dos verbos.

.- Diferenciación oral e escrita entre o presente e o pasado (*je mange / j'ai mangé*), entre o participio pasado e o infinitivo.

.

.2.2. Estratexias de aprendizaxe

.Ÿ Técnicas de comprensión funcional de textos gravados auténticos en lingua estranxeira sen apoio visual ou escrito.

.Ÿ Expresión oral ante o grupo: saber contar unha historia e manter o interese do público.

.Ÿ Utilización da creatividade do grupo.

.Ÿ Autoavaliación dos recursos persoais para comprender un documento auténtico sinxelo.

.Ÿ Uso do Caderno persoal de exercitación individual.

.

.

.

.BLOQUE 4. DIMENSIÓN SOCIAL E CULTURAL

.

. Ÿ Ficción, literatura e cine: os personaxes de ficción e de terror.

.Ÿ Valores sociais: seguridade, prevención contra a extorsión na escola, « a paix, c'est quoi ? », toma de posición persoal para cambiar o mundo.

.Ÿ Psicoloxía: expresión dos sentimentos propios.

.

.

.

.MODULE 3

.

.

.

.BLOQUE 1. COMPRENDER, FALAR E CONVERSAR

.

.1. Actos de fala

.• Describir un piso ou unha casa

.• Falar das actividades e dos costumes da familia propia ou doutra

.• Contar acontecementos acontecidos en forma negativa

.• Comentar por teléfono como se desenvolveu unha festa

.• Falar de profesións

.• Falar dos costumes cotiáns e informarse dos outros

.• Falar de actividades que se realizan fóra do centro

.• Falar de proxectos realizados no centro ou fóra del

.

.2. Tipoloxía de textos para a linguaxe oral

.- Cancións

.3. Comprensión oral

- Comprensión oral global e detallada. Localización de informacións orais con soporte da escrita e da imaxe nunha canción
- Localización de palabras coñecidas e descoñecidas na globalidade sonora (diálogos, monólogos, cancións) con ou sen apoio visual. (Comprobación da comprensión pola repetición correcta ou a reconstrución do sentido dos diálogos).
- Hipóteses e dedución do sentido de palabras e expresións novas en situación con ou sen apoio da imaxe.
- Identificación de estruturas verbais que concretan o significado (*passé composé*, participio pasado, infinitivo) nas gravacións.
- Percepción do humor e das emocións

.4. Expresión oral

- Reprodución oral, reformulación libre, resumo oral ou reconstrución do sentido dun diálogo e outros modelos rexistrados.
- Expresión guiada: a) descrições orais a partir de ilustracións, respostas a preguntas concretas ou semiabertas b) reutilización de estruturas concretas baixo forma de exercicios ou de xogos orais (o *passé composé* en forma afirmativa e negativa).
- Adestramento nunha expresión máis libre: a) resposta libre a preguntas situacionais abertas ou a unha entrevista b) formulación de comparacións entre dúas informacións orais e escritas (diálogo telefónico / escrito de prensa) c) pequeno relato oral a partir dunha situación (unha festa, as actividades dunha xornada) dicir por que razón se prefire un proxecto a outro e) inventar un proxecto de clase.

.BLOQUE 2.

LER E ESCRIBIR

.1. Tipoloxía de textos para a linguaxe escrito

- Transcrición dos diálogos e textos empregados na oralidade (canción, poesías, diálogos, monólogos, microconversas)
- Xogos escritos (e Caderno)
- Instrucións escritas do Caderno.

.2. Comprensión escrita

- Comprensión escrita funcional das instrucións do Caderno, b) detectar diferenzas ou erros de significado ou de forma nun pequeno texto c) identificar palabras agochadas.
- Comprensión exhaustiva das transcricións dos textos escoitados (canción, poesía, diálogos, banda deseñada, etc.).
- Procura de diferenzas entre as informacións ofrecidas por un fragmento de artigo de xornal e un diálogo. Percepción do humor.
- Comprensión escrita funcional de pequenos textos auténticos descritivos de proxectos de clase. Procura de datos concretos.
- Lectura de textos auténticos máis extensos (Caderno). Elaboración e confirmación de hipóteses sobre o significado. Comparacións. Apoio do sentido pola imaxe situacional ou descritiva. Interpretación persoal. Imaxinar a partir do que se le.

.3. **Expresión escrita**

- .- Copia: copia de pequenos textos con ou sen modificacións, complemento dunha narración, dun diálogo escrito con « boîtes à mots ». Xogos de vocabulario.
- .- Expresión escrita guiada: complemento dunha narración ou un diálogo con ou sen apoio da gravación ou dunha « boîte à mots » b) Respostas a preguntas cerradas ou semiabertas, variación dunha estrutura de frase ou de texto con modificacións en cadea (do presente ao pasado, do participio pasado ao infinitivo, da forma negativa á forma afirmativa, do singular ao plural etc.).
- .- Expresión escrita semilibre e libre: formulación ou reformulación dun resumo, elaboración dunha pequena narración con ou sen modelo, redacción dun proxecto de clase, dun relato (o domingo dunha familia orixinal), simulación de rol e redacción de notas para a prensa (as idas e vindas dunha estrela).

BLOQUE 3. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA E A SÚA APRENDIZAXE

.1. Coñecemento da lingua

.1.1 Vocabulario

- A familia (repaso)
- Os cuartos da casa
- Algúns mobles
- As profesións e os profesionais
- Accións cotiás

.Gramática

• Estruturas globais

- .- A colocación das partículas « ne » et « pas » na negación e no *passé composé*
- .- Lugar e número dos pronomes persoais na conxugación dos verbos pronominais en presente e en *passé composé*

• Puntos analizados

- .- Os auxiliares *être* e *avoir* e o *passé composé*
- .- O *passé composé* na forma negativa
- .- Os verbos pronominais en *passé composé*
- .- Os adxectivos posesivos (varios poseedores) repaso e síntese.

.1.3. Fonética

- Distinción das vogais orais e nasais próximas:
.[õ] / [o]
- Distinción das consonantes oclusivas próximas:
.[p] xorda
.[b] sonora

.1.4. Da lingua escrita á lingua oral

.Oio	Escribo
.[p], [b]	<i>p, b</i>
.[õ],	<i>on ou om tonton / tombe</i>
.[o]	<i>au (chaud), ou (pédalo), ou eau (eau)</i>

.2. Reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe

.2.1. Funcionamento da lingua

• Morfoloxía e sintaxe

- Observación da construción da cadea sintáctica. Comparación nas frases en presente e en passé composé na forma negativa (lugar de « ne » e « pas »).
- Observación, dedución e formulación de regra de uso dos adxectivos posesivos (síntese posuidores, obxecto posuído en singular e plural).

• Do escrito ao oral e do oral ao escrito

- Reflexión e elaboración de regras de funcionamento:
 - a) As terminacións do infinitivo e do participio pasado. O auxiliar dos verbos pronominais e a concordancia do participio pasado. Diferenzas ortográficas / sen diferenzas (parler / parlé, réveillé / réveillée / réveillées...)

.2.2. Estratexias de aprendizaxe

- Comprobar as súas capacidades de memorización por clasificación, por tema, visualmente ou de maneira creativa: Facile, difficile
- Producir en grupos de maneira autónoma, acostumarse a falar francés nos subgrupos, e entre grupos na clase.
- A avaliación mutua: adestramento para avaliar os logros dos compañeiros en función duns criterios concretos.
- Tratamentos das diferenzas culturais ou físicas como algo natural, interesante e igualitario ou complementario.
- A autoavaliación. Análise das propias forzas e puntos febles. Previsión de itinerario individual de mellora. Uso do caderno persoal e do caderno de adestramento individual

.BLOQUE 4. DIMENSIÓN SOCIAL E CULTURAL

- Diversidade de estilos de vida nunha rexión francesa (Bretaña) e na África francófona.
- Lingüística e humor: xogos de lingua
- Lóxica: xogo de lóxica matemática e xogo de lateralidade.

.MODULE 4

.BLOQUE 1. COMPRENDER, FALAR E CONVERSAR

.1. Actos de fala

- Comparar persoas, obxectos ou accións
- Contar curiosidades científicas
- Emitir apreciacións sobre a roupa
- Describir e xustificar o aspecto propio ou o de alguén
- Dar a súa opinión
- Argumentar a favor ou en contra
- Preguntar a alguén a súa opinión
- Expresar negacións

.2. Tipoloxía de textos para a linguaxe oral

- Comentarios de mozos sobre as razóns do seu aspecto.
- Uns mozos dan a súa opinión.

.

.3. Comprensión oral

- Comprensión oral detallada de testimonios persoais e de opinións de mozos sobre as súas preferencias indumentarias.
- Localización de argumentos a favor ou en contra nun debate de 8 a 10 réplicas con ou sen soporte escrito. Identificación do sentido e de a forma utilizada.
- Localización de expresións concretas empregadas na lingua oral (apreciacións, opinións, pedir a opinión de alguén...) e de formas gramaticais para estudar. Recorte da cadea sintáctica oral, no oral. Exemplo: inserción do pronome persoal COD ou *en*, as dúas partículas da negación.
- Comprensión suficiente para poder comentar unha opinión, elixir o argumento máis razoable ou localizar o máis utilizado.

.

.4. Expresión oral

- Reprodución oral, reformulación libre, resumo oral ou reconstrución oral do sentido dun diálogo semilongo, dun texto escrito curto, ou dunha historia en imaxes tipo banda deseñada.
- Expresión guiada: a) respostas a preguntas concretas ou semiabertas. Ex.: *Dis le contraire de ... ! Qui est le plus doué ?* b) reutilización e fixación das estruturas estudadas (as diversas negacións, a redución da frase cos pronomes persoais complementos, a comparación) en forma de exercicios variados de adiviñas e xogos orais « devinez à qui je pense », c) reacción rápida no oral .
- Adestramento na expresión máis libre: a) emisión de opinións sobre un tema polémico, formulación de argumentos, iniciación ao debate, b) descrición oral e comentarios libres sobre o aspecto dos mozos. c) elaboración oral da definición dun concepto. « ce qu'est un Calligramme » d) explicación das razóns dunha preferencia.

.

.

.BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

.

.1. Tipoloxía de textos para a linguaxe escrito

- Textos auténticos e fabricados.
- Transcrición dos diálogos e textos empregados na lingua oral.
- Fragmentos de revistas para mozos. Informacións de divulgación científica, « le sais-tu ? »
 - Cuestionario Verdadeiro / Falso.
- Proxecto Calligramme
- Xogos escritos: Xogos de lóxica, palabras ocultas (Cahier)
- Instrucións escritas do Caderno.

.

.Comprensión escrita

- Comprensión escrita funcional e precisa das instrucións do Libro e do Caderno, e especialmente do desenvolvemento do proxecto de grupo final.
- Comprensión exhaustiva da forma e do sentido nas transcricións escritas dos textos estudados no oral (diálogos, comentarios, opinións).
- Comprensión suficiente de textos auténticos de divulgación científica para poder elixir o máis sorprendente (extensión media e soporte de ilustracións). Desenvolvemento da intuición mesmo se non se entende todo o vocabulario. Resposta por V/F.
- Procura de datos en pequenos textos informativos auténticos publicados en revistas para mozos. Comprensión dunha información esencial, dunha información complementaria, ou dunha información que apoia unha imaxe.

- Comprensión, interese e gusto pola lectura de poemas e caligramas orixinais, e dun fragmento bibliográfico de Apollinaire.
- Comprensión práctica e funcional da formulación escrita dun xogo de lóxica con apoio de ilustración. Xogos escritos de vocabulario.
- Comprensión do humor nunha banda e nas situacións cómicas ilustradas (Caderno).

Expresión escrita

- Copia: copia de palabras, de frases e de pequenos textos. Reconstrución e copia de frases en desorde.
- Expresión escrita guiada: a) cumprimentación de frases, ou de diálogos con ou sen « boîte à mots », b) respostas sinxelas e máis elaboradas a preguntas escritas c) variación dunha estrutura: paso á forma negativa, respostas a preguntas con substitución do complemento por pronomes persoais d) dar a súa opinión coa axuda de « boîtes à phrases ».
- Expresión escrita semilibre e libre: a) redacción resumida de informacións insólitas atopada en revistas b) elaboración grupal de Caligramas c) envío por correo electrónico a un /unha comunicante.

BLOQUE 3. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA E A SÚA APRENDIZAXE

1. Coñecemento da lingua

1.1. Vocabulario

- Diversas prendas de roupa
- A opinión (à mon avis, d'après moi)
- A argumentación (être pour, contre)
- A apreciación sobre unha prenda (c'est pratique, ça fait classe...)

1.2. Gramática en situación

• Estruturas globais

- As diferentes construcións sintácticas do comparativo:

.Verbo + Autant de + nom + que (moins / plus) (Ex.: ils ont **autant de** jours de vacances **que** nous)

.Aussi + adj. + que (moins / plus) (Ex.: elle est **aussi grande que** moi)

.Verbo + autant + que (moins / plus) (Ex.: je travaille **autant que** lui)

- A colocación dos pronomes persoais COD « le, la, les » e do pronome « en » na frase negativa en presente.

• Puntos analizados

- Os comparativos de igualdade, de superioridade e de inferioridade (autant, aussi, plus, moins)
- Superlativos: *le / la plus, le / la moins*
- Os pronomes persoais directos (*le, la, les*)
- O pronome en
- As diferentes negacións (*ne pas, ne jamais, ne rien, ne personne, ne plus*)

1.3. Fonética

- Distinción das vogais nasais próximas:

[õ] / [ã] / [ĩ]

- Distinción das consonantes oclusivas próximas:

. [k] xorda / [g] sonora

. [t] xorda / [d] sonora

.

.

.

.1.4. Da lingua escrita á lingua oral

.Oio Escribo

. [k] **c, ou k, ou q, ou qu,** (coq, quatre, kart)

. [g] **g, ou gu** (gaz, guépard)

. [t] **t, ou tt**

. [d] **d**

. [õ] **on, ou om** tonton / tombe

. [ã] **an, ou en** (blanc /vent)

. [Σ] **ain, ein, in**

.

.

.

.

.2. Reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe

.

.2.1. Funcionamento da lingua

• Morfoloxía e sintaxe

- Observación, aplicación e comparación coa lingua propia do funcionamento sintáctico dos comparativos dun nome, un verbo, ou ben un adxectivo.

- Indución a partir de exemplos da formación dos superlativos máis frecuentes.

- Observación do significado e da colocación dos pronomes complementos COD (*le, la, les*) e (*en*) en relación co verbo, en formas afirmativa e negativa.

- Localización dos puntos comúns entre as diferentes formas negativas: *ne rien, ne jamais, ne personne, ne plus, ne pas*

• Do escrito ao oral e do oral ao escrito

- Reflexión a partir da observación das diferenzas e similitudes:

- Entre a pronuncia e a ortografía: « j'entends ... j'écris »

en particular, as diferentes ortografías do son consonántico **[k]**: c, q, qu, k , as dúas maneiras de escribir o son **[g]**: g, ou gu (segundo a vogal seguinte). Recordo das diferentes escritas das vogais nasais xa estudadas no primeiro ano: [õ] [ã] [Σ]

- Entre os feitos de gramática orais e escritos: Distinguir no oral e no escrito

« je mets » de « j'en mets » que non difiren no oral máis ca por unha vocal, pero por escrito difiren ao nivel da fragmentación sintáctica.

.

.2.2. Estratexias de aprendizaxe

• Comprobar as propias capacidades de detección de erros de sentido no oral, debidos a erros de pronuncia. Entender mellor de onde veñen os erros. Rir coas consecuencias dos erros para aceptalos mellor.

• Cooperación en grupos para unha tarefa en que cada un ten unha función determinada, e o grupo un obxectivo común.

• Utilización do francés como lingua de comunicación nos subgrupos.

• Creatividade individual e colectiva.

• Curiosidade polas descubertas e os coñecementos xerais.

• Expresión libre da opinión. Aceptación das opinións diferentes ou contrarias ás propias.

• Aceptación e identificación dos seus erros como base de progreso na aprendizaxe.

• Utilización regular do Caderno persoal, autoavaliación e elección de fichas adicionais para o propio itinerario persoal.

.

.BLOQUE 4. DIMENSIÓN SOCIAL E CULTURAL

- .- Feitos ou obxectos sorprendentes, chegados de diferentes países, marcados pola cultura e as condicións de vida daquel país.
- .- Sociedade: temas de debate entre os mozos « le scooter a 14 ans », « l'uniforme au collègue » , o aspecto e os mozos: modas, bromas e burlas.
- .- Literatura: Creatividade literaria, ou caligrama e a expresión poética.
- .-Divulgación científica: o río máis longo do mundo, a densidade dos mares, os robots máis pequenos, coñecer cousas sorprendentes.
- .- Lóxica: xogo de lóxica dedutiva.

.MODULE 5

.BLOQUE 1. COMPRENDER, FALAR E CONVERSAR

.1. Actos de fala

- .ÿ Facer proxectos.
- .ÿ Falar do futuro.
- .ÿ Pedir un produto de consumo nunha tenda de alimentación.
- .ÿ Enumerar produtos que hai que comprar.
- .ÿ Preguntar o camiño.
- .ÿ Dar indicacións para dirixirse nunha cidade.

.2. Tipoloxía de textos para a linguaxe oral

.textos semiauténticos

- .- - Conversa telefónica.
- .- Descricións e enumeracións orais.
- .- Frases escoitadas en tendas de alimentación.
- .- Diálogos (clientes / comerciantes).
- .- Conversación sobre unhas compras que hai que realizar.
- .- Conversas na rúa para preguntar o camiño.

.3. Comprensión oral

- .- Comprensión oral detallada na primeira escoita con soporte da lectura e da imaxe. Apoios auditivos e visuais: as entoacións e as mímicas. Comprobación con preguntas verdadeiro / falso.
- .- Comprensión en detalle: localización de diferenzas entre o que se ve e a ilustración correspondente.
- .- Demostración do nivel de comprensión oral a través da serie de detalles ou de expresións precisas oídas nas microconversas.
- .- - Comprensión do sentido dunha mensaxe oral con dedución na primeira escoita do contexto situacional: *qui parle à qui ? , où ? pourquoi ?*
- .- Comprobación da comprensión: repetición correcta ou reconstrución do sentido dos diálogos.
- .- Explicitación do problema de comunicación proposto ao longo de un minidiálogo e elección da imaxe que representa a situación.
- .- Comprensión das dificultades dunha persona para atopar o seu camiño coa axuda só dunhas indicacións dadas por teléfono.
- .- Comprensión funcional de instrucións orais para non perderse nunha cidade.

- Identificación oral das terminacións verbais do futuro, do cambio de raíz do verbo *vir* en presente e da inclusión do pronome *en* nas formas presentes e pasadas.

.4. Expresión oral

- Reprodución: a) reformulación libre dun diálogo ou reconstitución do sentido dun diálogo e doutros modelos gravados, b) posta en escena e interpretación dun diálogo estudado, incluíndo a elección dunha música de acompañamento, c) lectura en voz alta de maneira natural, canción, recitación.
- Expresión guiada: a) xogo de memorización en cadea, b) comentarios orais e explicacións sobre un texto oral ou escrito, c) automatismos de respostas a preguntas concretas para reutilizar o vocabulario e as estruturas estudadas, resposta a preguntas persoais da vida cotiá, d) reutilización de estruturas concretas baixo forma de exercicios ou de xogos orais (o pronome *en*, a orientación en un plano), e) resumo dunha historia en imaxes, lida ou oída.
- Adestramento na expresión libre: a) imaxinación doutros episodios, doutras anécdotas para a mesma situación, b) invención do fin dun diálogo interrompido, c) invención doutra historia parecida, d) invención do alongamento dunha historia, e) expresión en situación comunicativa real ou simulada: preguntar o seu camiño, poñerse de acordo no seu grupo de traballo, emitir unha opinión, dar unha explicación.

.BLOQUE 2.

LER E ESCRIBIR

.1. Tipoloxía de textos para a lectura

- Textos auténticos e semiauténticos
- Tradución dos diálogos e textos utilizados no oral.
- Mensaxes de *chat* en Internet.
- Etiquetas de mercadorías e rótulos de tendas.
- Plano dunha cidade.

.2. Comprensión escrita

- Comprensión exhaustiva das transcripcións dos textos estudados no oral (monólogo, conversas, diálogo por teléfono ou en tendas, banda deseñada).
- Lectura rápida e funcional de textos curtos ou de documentos gráficos: un plano de cidade, un mapa xeográfico, uns rótulos de tendas, unhas listaxes de compras e unhas réplicas de *chat* por Internet.
- Lectura para buscar informacións prácticas nun folleto turístico
- Comprensión detallada de indicacións para orientarse nun plano e para resolver un xogo de lóxica.
- Comprensión da relación entre forma e significado nun cartel de cine. Lectura da imaxe e do texto. Análise, dedución e indución.

.3. Expresión escrita

- Copia: a) copia de frases e pequenos textos con ou sen modificacións, b) exercicios escritos e xogos de vocabulario, c) corrección de erros e copia da versión correcta.
- Expresión escrita guiada: a) relato ou diálogo para completar sen apoio, b) resposta a preguntas escritas cerradas ou semiabertas, c) explicacións escritas, d) formas verbais para completar ou variar: terminacións para engadir, conxugacións a partir do infinitivo.
- Expresión escrita semilibre ou libre: a) resumo escrito dunha situación, dun diálogo ou dunha banda deseñada, b) invención dunha historia a partir dun modelo estudado, c) relato da fin de semana turística a partir das informacións dun folleto, d) presentación dun programa de viaxe e dun itinerario de visitas na súa cidade para os /as comunicantes.

.BLOQUE 3.

REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA E A SÚA APRENDIZAXE

.

.1. Coñecemento da lingua

.

.1. 1. Vocabulario

- .ÿ Nomes de tendas e de comerciantes.
- .ÿ Cidade, lugares, edificios e rúas.
- .ÿ Froitas e verduras.
- .ÿ Produtos diversos de consumo.
- .ÿ Medios de transporte.

.

.1. 2. Gramática

.ÿ **Estruturas globais**

- .- *Aller à la boulangerie / aller chez le boulanger, aller en moto / à pied.*
- .- Frase longa en pasado con enumeración.
- .- Expresión global: *Pourriez-vous me dire où se trouve... ?*

.ÿ **Puntos analizados**

- .Futuro simple dos verbos regulares e algúns irregulares frecuentes, uso e formación.
- .- Pronome persoal en / complementos COD con partitivo.
- .- Conxugación do verbo venir.
- .- Lugar de procedencia con du, de la, des, de.

.

.1.3. Fonética

- .ÿ Distinción das vogais orais próximas [Ø] / [oe] / [ɔ].
- .ÿ Consonantes oclusivas precedidas por [s]: [sp], [st], [sk], etc.

.

.1.4. Da lingua escrita á lingua oral

Oio	Escribo
.ÿ [Ø]	eu (bleu)
.ÿ [oe]	eu, oeu (fleur, soeur)
.ÿ [ɔ]	o (ordinateur)
.ÿ [sp]	sp (spécial)
.ÿ [st]	st (stupide)
.ÿ [sk]	sq, sk, sc (squelette, ski, score)

.

.2. Reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe

.

.2.1. Funcionamento da lingua

.ÿ **Morfoloxía e sintaxe**

- .- Observación e dedución da regra de substitución dos COD precedidos de partitivos, polo pronome persoal *en* e da súa colocación nas frases en presente afirmativas e negativas.
- .- Observación, comparación e dedución da regra de formación de futuro dos verbos regulares en *-er* (infinitivo + terminación).

.ÿ **Da lingua escrita á oral e da lingua oral á escrita**

- .- Reflexión sobre as terminacións escritas e orais do futuro. Comparación co verbo *avoir* oral e escrito.
- .- As diferenzas orais e escritas na conxugación do verbo *venir* en presente: o cambio de raíz.
- .- O « e » mudo que se escribe e non se pronuncia.

.

.2.2. Estratexias de aprendizaxe

- .ÿ Comparar os propios recursos para expresarse mellor na lingua oral

- .ÿ Como atopar as palabras para dicilo: necesidade de seguridade, preguntar como se di, prepararse, definir, utilizar a linguaxe verbal os xestos, as expresións que serven para case todo, a confianza nun mesmo, probas /erros.
- .ÿ Creatividade e autonomía no traballo de grupo.
- .ÿ Comunicación e empatía cos / coas comunicantes estranxeiros /as.
- .ÿ Curiosidade pola súa cidade e os recursos desta, desexo de valoralos.
- .ÿ Interese polo propio roteiro persoal de aprendizaxe.

.BLOQUE 4. DIMENSIÓN SOCIAL E CULTURAL

- .ÿ Tendas e produtos franceses.
- .ÿ Tradicións. As “crêpes” e “la Chandeleur”
- .ÿ A Unesco e o seu labor cultural
- .ÿ Sociedade: coñecemento e valoración da súa cidade ou da súa rexión.
- .ÿ Xeografía e historia: lectura de mapas e de planos de rúas.
- .ÿ Psicoloxía: sentido da realidade, desprazamento no espazo, orientación nun mapa.
- .ÿ Comunicación: intercambios escolares entre dúas linguas e dous países.
- .ÿ Lóxica: xogo de lóxica dedutiva, considerar todos os elementos, resolución por eliminación.

.MODULE 6

.BLOQUE 1. COMPRENDER, FALAR E CONVERSAR

.1. Actos de fala

- Comprender e elixir un menú nun restaurante
- Pedir un prato ou unha comida
- Contar ou resumir no oral unha situación que se está a vivir.
- Referirse a alguén utilizando pronomes persoais
- Contar un acontecemento, describir unha situación en pasado
- Contar unha historia. Dar o marco do relato, indicar o seu desenvolvemento cronolóxico.

.2. Tipoloxía de textos para a linguaxe oral

- .- Diálogos, cliente-camareiro, nun restaurante.
- .- Canción

.3. Comprensión oral

- .- Comprensión oral detallada de varios diálogos cunha decena de réplicas sen soporte escrito. Apoio da imaxe situacional e dunha « boîte à expressions ». Comprobación da comprensión por medio de preguntas sobre a situación, un test e as razóns de comunicarse. - Comprensión rápida e exhaustiva de preguntas en situación simulada (o camareiro dun restaurante) para poder contestar de maneira realista (consultando un menú).

- Comprensión exhaustiva dunha canción e dun relato telefónico con imaxes, co apoio simultáneo do texto escrito.
- Comprensión esencial do relato dunha escena cinematográfica: identificación das frases que indican a situación real. Demostración do nivel de comprensión facendo o resumo oral da escena.
- Comprensión exhaustiva do significado e da forma das mensaxes orais destinadas á aportación activa de novas estruturas, actos de fala e puntos de gramática novos do módulo.
- Comprobación da comprensión pola repetición, a reconstrución do sentido dos diálogos e a capacidade de fragmentar unha forma sintáctica determinada (inclusión dos pronomes COD, COI e *en* nas formas presentes, imperativas e pasadas, afirmativas e negativas).
- Identificación oral das formas verbais do imperfecto en 3ª persoa relacionado coa descrición dun ambiente, e do passé composé para describir as accións cronolóxicas.

4. Expresión oral

- Reformulación libre, ou reconstrución do sentido dos diálogos, e outros modelos gravados. Posta en escena e interpretación dun diálogo estudado, memorización fragmentada en pequenas secuencias estruturadas e dunha canción. Lectura en voz alta dunha banda deseñada e dunha escena cinematográfica imitando as entoacións.
- Expresión guiada: a) capacidade para responder de maneira rápida (Bip, bip) b) resposta a unhas preguntas de comprensión, explicacións de informacións enganadas, explicacións ou peticións de aclaración a propósito dun texto oral ou escrito c) explicación e interpretación oral dunha situación con mímica d) reutilización de estruturas concretas como exercicios ou xogos orais.
- Adestramento na expresión libre: a) resumo oral dunha situación oída ou lida b) invención do final dun diálogo interrompido dunha banda deseñada c) posta en situación imaxinaria, que indicacións habería que dar d) representar unha escena modificada ou inventada con reconstrución da situación, ruído ambiental e) expresión en situación de comunicación real simulada: petición de menú nun restaurante lendo a carta f) contar un acontecemento en pasado, describir unha situación pasada g) situación real en clase: poñerse de acordo no seu grupo de traballo, emitir unha opinión, pedir ou dar unha explicación en clase.

BLOQUE 2.

LER E ESCRIBIR

1. Tipoloxía de textos para a linguaxe escrita

- Transcrición dos diálogos, cancións e textos empregados na lingua oral
- Regras de realización dun concurso.
- Xogos escritos. Xogos de lóxica. Instrucións para facer un xogo de lóxica espacial. (Caderno)

2. Comprensión escrita

- Comprensión escrita detallada de todas as instrucións curtas ou longas.
- Comprensión exhaustiva dos textos estudados no oral (diálogos, conversa telefónica en banda deseñada, escenas de película, series paso a paso, canción). Detectar informacións escritas falsas.
- Reordenar un texto sen volvelo copiar.
- Lectura funcional e detallada de textos auténticos curtos: « une carte de menu », « dix idées de cadeau qui ne coûtent pas d'argent ».
- Lectura comprensiva dun texto auténtico semilongo de divulgación científica. Comprobar a veracidade dos coñecementos propios sobre un tema, con frecuencia vencellado a ideas equivocadas ou preconcebidas.

- Estratexias de comprensión do global ao detalle ; aportación progresiva de sentido, proporcionado por: 1) as imaxes, 2) os títulos, 3) a lectura completa e a comprobación de detalles.
- Comprensión detallada de indicacións para poder resolver un problema lóxico e espacial con apoio gráfico.
- Identificación de palabras clave, de complementos e das formas verbais determinadas (que diferencian a descrición do ambiente da cronoloxía das accións nun relato en pasado).
- Identificar o obxectivo dun documento auténtico escrito: comprobación da comprensión dando a súa opinión.

.Exposición escrita

- Copia: reordenar un diálogo. Resumo partindo de frases seleccionadas.
- Exposición escrita guiada: a) cumprimento dun relato ou un diálogo con ou sen « boîtes à mots » b) cumprimento con variacións segundo o sentido: imperfecto de decorado ou ambiente, passé composé, pronomes persoais COD, COI c) transformación de formas afirmativas en negativas e vice-versa, do infinitivo en tempos verbais estudados (presente, pasado, futuro)
- Exposición escrita semilibre e libre: a) imitación de pequenas secuencias b) resumo escrito dunha situación, dun diálogo ou dunha banda deseñada, invención de ideas de regalos que non sexan caros partindo do modelo estudado , c) elaboración de dez preguntas para un concurso de coñecementos para facer en clase e enviar por correo electrónico.

.BLOQUE 3. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA E A SÚA APRENDIZAXE

.1. Coñecemento da lingua

.1.1. Vocabulario e expresións globais

- Nomes de pratos nun restaurante
- Expresións para pedir unha comida
- Algúns adverbios de tempo (d'abord, ensuite, après, puis, finalement)
- Accións e comportamentos habituais

.1.2. Gramática

• Estruturas globais

- A colocación dos pronomes persoais COD « *le, la, les* » e do pronome « *en* » con imperativo nas formas afirmativas e negativas.
- A sintaxe dos verbos con complemento indirecto (*téléphoner à, sourire à* + quelqu'un). A colocación dos pronomes persoais COI na frase en presente e passé composé.

• Puntos analizados

- Repaso dos tempos: presente, pasado, futuro, imperativo.
- Repaso e novo emprego dos pronomes persoais directos (*le, la, les*) e do pronome « *en* » co imperativo.
- Os pronomes persoais indirectos (*lui, leur*).
- O marco da acción « *c'était, il e avait* » (adquisición global).
- « *Je voudrais* » (condicional de cortesía, adquisición global en situación).

.1.3. Fonética

- Distinción das consonantes fricativas próximas [s] sourde / [z] sonore

- Pronuncia da semiconsonante [j] en:

.[aj] [uj] [ej] [oej]

.

.1.4. Da lingua escrita á lingua oral

.Oio Escribo

.[s] **s ,o ss, ou c, ou ç, ou t** (*sac, assis, cent, ça, attention*)

.[z] **z ou s** (*gaz, fraise*)

.[aj] ail, aille

.[uj] ouille (*grenouille*)

.[Σj] eille, eil (*vieil, oreille*)

.[oej] euil, euille, oeil (*écureuil, feuille, oeil*)

.

.2. Reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe

.

.2.1. Funcionamento da lingua

• Morfoloxía e sintaxe

.-Observación, aplicación e comparación coa propia lingua sobre a colocación dos pronomes persoais COD e « *en* » con imperativo, nas formas afirmativa e negativa.

.-Indución a partir de exemplos da sintaxe dos verbos que se constrúen coa preposición *à* e un pronome persoal COI, do emprego e do lugar dos COI nunha frase en presente ou en pasado.

.

.

.

.

.

• Do escrito ao oral e do oral ao escrito

.- Reflexión a partir da observación das diferenzas e similitudes: entre a pronuncia e a ortografía: « *J'entends... J'écris* ».

a) Especialmente as diversas ortografías do son consonántico [s]: c, ç, s, ss, t e do son próximo [z]: s, z

b) As diversas ortografías dos sons silábicos próximos [uj], [aj], [oej], [Σj] (máis o son [ij])

.- Entre os feitos de gramática orais e escritos: distinguir no oral e no escrito:

.*Ne prenez pas* e *N'en prenez pas*: unha soa diferenza sonora para unha diferenza de estrutura.

.- Localización oral e escrita dos sons e as grafías correspondentes.

.

.2.2. Estratexias de aprendizaxe

- Comprobar e mellorar as estratexias propias e as dos compañeiros para escribir mellor: estratexias para adquirir seguridade: copias, listaxes, análises, reflexión,

- Adestramento na cohabitación positiva da competición entre equipos coa cooperación no interior de cada equipo.

- Utilización normalizada do francés como lingua de comunicación entre equipos.

- Confianza en si mesmo e autonomía na aprendizaxe.

.

.

.

.BLOQUE 4. DIMENSIÓN SOCIAL E CULTURAL

.

- A cociña francesa, diferentes pratos típicos salados ou doces. Unha carta de restaurante.

- Sociedade: Ideas para facer regalos sen gastar cartos forzosamente.

- Lóxica: xogo de lóxica espacial.

.

3º CURSO

MODULO INICIAL

BLOQUE 1. COMPRENDER, FALAR E CONVERSAR

- Soletrear e comprender cando se soletrea unha palabra
- Pronunciar unha frase escrita co alfabeto fonético
- Percibir as diferenzas fonéticas dos acentos en francés
- Comprender mensaxes sinxelas

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Transcribir palabras escritas foneticamente
- Escribir ao ditado o apelido dunha persoa
- Escribir un apelido soletreado
- Acentuar correctamente

BLOQUE 3. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA E A SÚA APRENDIZAXE

.Coñecemento da lingua

.Vocabulario

- .O alfabeto
- .A volta á clase

.Gramática

.A interrogación (repasso) (uso de: *est-ce que, qui, où, quand, comment, pourquoi, combien, quel*)

.Valor gramatical da acentuación en francés

.Fonética

- .Alfabeto fonético
- .Entoación interrogativa

.Da lingua escrita á lingua oral

- .Os acentos en a e: *é, è, ê*

.Reflexión sobre a lingua e estratexias de aprendizaxe

- Observación e recordo dos tres tipos de construción sintáctica da interrogación (inversión, entoación, *Est-ce que...*) con ou sen pronome interrogativo.
- .Uso de xogos, códigos, xestos.
- .O valor do alfabeto fonético
- .Comparación da fonética e o ritmo con outras linguas coñecidas

BLOQUE 4. DIMENSIÓN SOCIAL E CULTURAL

- .O alfabeto fonético
- .A comunicación con xestos: as mans, alfabeto para xordomudos

MÓDULO 1

BLOQUE 1. COMPRENDER, FALAR E CONVERSAR

.1. Actos de fala

- .¿ Formular preguntas.
- .¿ Comunicarse na clase.
- .¿ Expresar opinións negativas, positivas e neutras.
- .¿ Manifestar gustos e preferencias.
- .¿ Describir e caracterizar a unha persoa.
- .¿ Manifestar sentimentos e emocións.
- .¿ Presentarse, presentar a alguén.

.2. Tipoloxía de textos para a linguaxe oral

- Textos semiauténticos.
- Expresións utilizadas en clase polo profesor
- Opinións en situación.

.3. Comprensión oral

- Comprensión oral global e detallada co apoio da imaxe, da escrita, de ruídos de situación ou de ritmos.
- Localización de palabras coñecidas ou non na globalidade sonora (mensaxes de clase, opinións, diálogo) con ou sen apoio da escrita.
- Comprobación da comprensión pola repetición correcta, a escenificación ou a reconstrución do significado.
- Dedución do significado das palabras e expresións novas en situación co apoio parcial do debuxo ou a fotografía.
- Percepción das diferenzas de entoación e do sentido correspondente. Percepción do humor e das emocións no oral.
- Comprensión autónoma dunha entrevista semiauténtica na radio.

.4. Expresión oral

- **Reprodución oral**, comprensión, reformulación libre, escenificación, resumo oral, reconstrución do sentido da expresión, dun diálogo e outros modelos gravados.
- **Expresión guiada** a) Construción de frases a partir de modelos, b) resposta a preguntas concretas ou semiabertas c) descricións orais de personaxes a partir dunha fotonovela, d) reutilización de estruturas concretas baixo a forma de exercicios ou de xogos orais (a interrogación, o presente dos verbos, os adxectivos).
- **Adesrtamento na expresión máis libre** a) Explicacións ou comentarios sobre o que se oíu, peticións libres de explicación b) intercambios libres entre alumnos: **Oral en grupos de dous**, reaccións orais ante unha situación, comentarios persoais, c) descrición dun mesmo e das súas emocións, descrición do outro.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

.1. Tipoloxía de textos para a linguaxe escrita

- Textos auténticos e semiauténticos.

.2. Comprensión escrita

- Comprensión escrita autónoma, funcional e fluída, das instrucións.
- Comprensión exhaustiva dos textos estudados no oral (expresións de clase, opinións, diálogo).
- Identificación do sentido dun texto escrito onde falta a puntuación. Puntuación dese mesmo texto para comprobar.
- Comprensión escrita global e funcional de textos sinxelos auténticos: expresivo, informativo, descritivo e prescriptivo (grafittis, definición, retratos e autorretratos, cartel).
- Procura de informacións esenciais.
- Comprensión útil de datos escritos para realizar un proxecto entre alumnos e facer un xogo de lóxica en FLE.

.3. Expresión escrita

- **Copia:** copia de frases ou de pequenos textos con transposicións seguidas de modificacións (ex: escribir *on* en lugar de *nous*, preguntar de maneira diferente...) clasificacións, concordancias entre varias solucións para completar unha frase... Complementación de frases escuchando a grabación, etc.
- **Expresión escrita guiada:** a) cumprimentar frases, de pequenos textos (ex.: dun retrato) ou de fichas segundo o significado ou o contexto b) resposta por escrito a unhas preguntas de comprensión sobre un texto lido ou escoitado c) redacción da pregunta correspondente a unha resposta escrita.
- **Expresión escrita semilibre e libre:** descrición de personaxes reais ou de ficción, elaboración dunha ficha persoal de presentación, e-mail a un /a amigo/a para explicar o estado de ánimo, utilización das iconas. Correo co seu comunicante.

.BLOQUE 3. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA E A SÚA APRENDIZAXE

.1. Coñecemento da lingua

.1.1. Vocabulario

- .ÿ As expresións da opinión: *ça m'agace, j'adore, ça m'est égal.*
- .ÿ Adxectivos para expresar calidades e os defectos.
- .ÿ Adxectivos para expresar sentimentos, o estado de ánimo.

.1. 2. Gramática

.ÿ Estruturas globais

- Opinión e insistencia: *ce qui m'agace, c'est... / moi, ça m'est égal... / moi, ce qui me*

.ÿ Puntos analizados

- O imperativo nas formas afirmativa e negativa (repaso)
- A conxugación dos verbos regulares e irregulares no presente, 1º, 2º e 3º grupo (repaso e afondamento).
- Os adxectivos cualificativos regulares e irregulares (repaso e afondamento).
- A interrogación

.1. 3. Fonética

- .ÿ O valor semántico das entoacións: interrogación, afirmación, orde: *Pour bien prononcer.*
- .ÿ Terminacións verbais
- .ÿ Terminacións do feminino

.1. 4. Da lingua escrita á lingua oral

.ÿ **Do oral ao escrito e do escrito ao oral**

- O imperativo (afondamento)
- Os signos de puntuación e o seu valor entoativo e semántico.
- Localización e relación entre as marcas orais e escritas na conxugación dos verbos dos tres grupos no presente (repasso e afondamento).
- Localización e relación entre as marcas do feminino e do masculino dos adxectivos regulares e irregulares (repasso e afondamento).

.ÿ **Escrita:**

- Mail a un amigo con iconas (*émoticônes*): @
- Descrición dunha persoa a quen se quere.
- Fichas de presentación.
- Para que serve a puntuación?
- Ortografía: à o a?

.

.

2. Reflexión entre a lingua e a súa aprendizaxe

.

2.1. Funcionamento da lingua

.ÿ **Morfoloxía e sintaxe**

- Observación, recordo, afondamento e síntese das regras de formación do presente dos verbos das tres conxugacións e das regras de concordancia dos diferentes tipos de adxectivos cualificativos.
- Observación e recordo das estruturas interrogativas

.ÿ **Do escrito ao oral e do oral ao escrito**

- Asociación entre opinións orais e slogans escritos.
- Asociación entre a puntuación e a entoación nun texto lido en voz alta.
- Reflexión e elaboración das diferenzas de funcionamento gramatical na lingua oral e na lingua escrita:
 - .das terminacións do presente de indicativo dos verbos das tres conxugacións: marcas orais e escritas. Paso dun ao outro.
 - .b) das marcas do masculino e do feminino dos adxectivos cualificativos regulares e irregulares (oral e escrito). Paso dun ao outro.

.

.

.

.

.

.

2.2. Estratexias de aprendizaxe

- .ÿ Organizarse mellor
- .ÿ Memorizar mellor, consellos.
- .ÿ Socialización en francés: reutilización do francés para comunicar en tándem e en grupos na clase, comunicación real con franceses por e-mail.
- .ÿ Creatividade, humor e expresión dun mesmo.
- .ÿ Observación de detalles concretos. Sínteses dos coñecementos.
- .ÿ Mellora dos métodos persoais para xestionar o tempo.
- .ÿ Autoavaliación da relación propia coa aprendizaxe do FLE.
- .ÿ Autoavaliación dos resultados ao final do módulo 1
- .ÿ Desenvolvemento da autonomía grazas, no seu caso, a un itinerario individual de mellora.
- .ÿ Uso das fichas de adestramento individual.

.

.

.BLOQUE 4. DIMENSIÓN SOCIAL E CULTURAL

.

- .ÿ Festas dos lugares en Francia.

- .ÿ Autorretratos de adolescentes franceses.
- .ÿ Sociedade: a volta a clase, a vida e a comunicación na clase.
- .ÿ Valores: toma de posición ante determinadas actitudes pouco cívicas ou pouco educadas.
- .ÿ Ciencia e Tecnoloxía: os símbolos da Internet (émoticônes).
- .ÿ Psicoloxía: falar dun mesmo, coñecemento dos demais, expresión das emocións e de as opinións, relacións amorosas entre adolescentes, reproches, rexeitamento, decepción.
- .ÿ Matemática e Lóxica: problema de lóxica dedutiva.

.
.
.

MODULE 2

.
.

BLOQUE 1. COMPRENDER, FALAR E CONVERSAR

.

1. Actos de fala

- .Comparar un relato oral e un suceso dun xornal.
- .Falar de tarefas domésticas.
- .Contar un acontecemento pasado.
- .Expresar a obriga.
- .Poñer de relevo a persoa que realiza unha acción.
- .Contar un itinerario persoal.
- .Falar de sensacións vividas (táctiles, olfactivas, sonoras, visuais).
- .Indicar ou concretar un lugar.
- .Utilizar os números altos.

.

2. Tipología de textos para a linguaxe oral

- .- Diálogo e narración oral
- .- Diálogo entre dous mozos
- .- Canción
- .- Miniconversas
- .- Xogos e exercicios orais
- .- Diálogo

.

3. Comprensión oral

- .- Comprensión oral global e detallada. Identificación das diferenzas entre a audición dun relato e as situacións en imaxes correspondentes. Recolocación de viñetas en función da cronoloxía dunha narración oral ou de conversas.
- .- Localización de estruturas, de expresións e de formas gramaticais que aportan precisión ao sentido (a obriga, as tarefas domésticas, os pronomes tónicos) nunha canción. Comprobación da comprensión polo mimo e a repetición.
- .- Hipóteses e dedución da situación de que se fala nunha conversa fóra de contexto. Comprobación da comprensión pola elección do lugar onde se sitúa a conversa.
- .- Comprensión no oral da utilización de números altos.
- .- Comprensión dunha situación oral para poder responder substituíndo o lugar polo pronome e.

.

4. Expresión oral

- .- Memorización dunha canción de tres estrofas e os seus refráns, resumo e comentarios orais e descrições orais a propósito dos textos orais ou escritos estudados.
- .-Expresión guiada: a) respostas a unhas preguntas de comprensión concretas ou semiabertas sobre os textos orais ou escritos estudados e as situacións propostas (*qui, où, quand, quoi, pourquoi, comment*) b) dicir de que falan unhas persoas que dialogan entre elas c) reutilización de estruturas concretas baixo forma de exercicios ou de xogos orais.

- Adestramento na expresión máis libre: a) formulación imaxinaria dos pensamentos de alguén, de conversas posibles, etc. b) formulación de opinións e de impresións persoais c) comparación oral entre dúas informacións orais e escritas (relato oral / suceso na prensa) d) toma de palabra e diálogos entre dous sen intervención do profesor e) preparación e presentación oral no grupo-clase do proxecto de grupo f) avaliación mutua oral da calidade dos proxectos.

.
.
.
.
.
.
.
.

.BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

.

- .1. Tipoloxía de textos para a linguaxe escrita
A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente ó incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro, entre outras.

- **Competencias sociais e cívicas**

As linguas non só serven ós falantes para comunicarse socialmente, senón que tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración, e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

Esta competencia favorece a comprensión da realidade histórica e social do mundo: como coñecer información sobre os rapaces e as súas afeccións noutros lugares.

En tódalas unidades apréndese sobre un tema nun contexto social e histórico e foméntase o sentido da responsabilidade ética e o espírito comunitario:

- Tempo libre e deporte.
- Roupas e clima
- Partes dunha casa. Mobles.
- A alimentación. Almorzo, comida e cea

As actividades por parellas, como a práctica de pequenos diálogos, favorece as relacións sociais entre os alumnos, a cooperación e o traballo en equipo.

▪ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente ós demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

O noso alumnado pode:

- Utilizar o material de referencia proposto para a unidade de forma adecuada.
- Dispoñer e manexar as habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en parellas e en equipo de forma cooperativa e flexible en todas as ocasións que requiran as actividades comunicativas da unidade: repetición e construción de novos diálogos, representación, etc.
- Organizar o traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe. Memorizar nesta unidade como expresarse para pedir ou rexeitar algo prestado.
- Responder aos exercicios, formulados nas distintas seccións, de forma individual ou colectiva con creatividade, confianza, responsabilidade de estudo e sentido crítico

▪ **Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

Ofrecemos a posibilidade de desenvolver esta competencia a través de

- Textos de lectura, particularmente na lección cultural, apoiadas con vídeos documentais e vídeos culturais.
- Produción dunha peza de escritura orixinal e creativa: Un diálogo sobre o propio alumno e o seu compañeiro ou compañeira etc

METODOLOXÍA

ASPECTOS XERAIS

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

1-Partir da competencia inicial do alumnado: O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; o alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende. Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización. Consideramos esencial valorar a competencia inicial do alumnado para marcar o punto de partida de traballo e base da súa evolución na aprendizaxe posterior. Por iso dedicamos as sesións necesarias no primeiro trimestre para asentarmos os coñecementos adquiridos en etapas anteriores. Intentamos dar resposta as necesidades que xorden pola diversidade de nivel de adquisición da lingua estranxeira.

2-A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

3.Potenciar metodoloxías activas e participativas. As actividades propostas soen incluír tarefas nas que o alumnado pode deducir ou inducir os contidos e poner en práctica o aprendido participando en diálogos, etc. As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, etc.

4- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe. Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso a programación e a secuenciación de contidos necesita flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopar actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Naqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron os materiais elaborados polo profesor poden ofertar actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

5-Unha aprendizaxe permanente. Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cais o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo en etapas posteriores). O papel do profesor, máis que una mera fonte de contidos, debe dirixirse a ser facilitador do proceso de aprendizaxe, colaborador en cada etapa, e o alumnado debe de adquirir a responsabilidade de ser parte activa no proceso de aprendizaxe que se alongará máis aló da ESO.

6- Uso habitual das TIC. Ten un papel moi importante a incorporación das TIC na educación, proporcionando diversos recursos materiais que ofrecen ao profesor a posibilidade de deseñar súas clases de forma personalizada e axustando-se as necesidades de cada momento:

- Radiocasete/ reproductor CD
- Ordenadores (portátiles)
- Pantalla Dixital Interactiva
- Conexión a Internet (WiFi, outros...)

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

A metodoloxía da nosa programación desenvólvese como indicamos a continuación:

VOCABULARIO

O vocabulario preséntase mediante ilustracións e/ou textos breves, e practícase a través de exercicios de gran variedade. A miúdo pídeselles aos alumnos que utilicen o vocabulario de forma persoal ou creativa, e nalgúns exercicios propónse unha resposta aberta.

O vocabulario básico recíclase e reforza en textos e exercicios propostos polo profesor.

GRAMÁTICA

Soense dedicar unha parte de actividades á gramática, de forma que os alumnos teñen tempo de asimilar e practicar os contidos novos, sen sobrecargas excesivas.

As veces traballan con exemplos e táboas, e anímaseselles a formular regras de formación que eles mesmos poden comprobar. Esta metodoloxía inductiva consegue que os alumnos se impliquen na aprendizaxe e memoricen as estruturas.

Algunhas actividades son de tipo controlado, e outras algo máis libres. Ademais, os alumnos teñen a oportunidade de utilizar as estruturas novas de modo máis produtivo, personalizado e creativo. Ás veces inclúense exemplos do uso destas estruturas en contextos comunicativos cotián

Foméntase que lle dediquen tempo na casa para repasar e consolidar os conceptos cos que se traballou na clase.

DESTREZAS:

COMPRENSIÓN ESCRITA

O material proposto polo profesor inclúe textos (artigos, cuestionarios, correos electrónicos, páxinas web, narracións, concursos, entrevistas) clasificados en función da súa dificultade e deseñados para ofrecer información interesante de forma realista.

COMPRENSIÓN ORAL

Os textos (e /ou gravacións) de comprensión oral amosan unha ampla variedade de falantes e situacións; programas de radio, entrevistas, conversas e avisos.

Os diálogos que proporcionan unha práctica máis intensiva de comprensión oral.

EXPRESIÓN ORAL

A práctica da expresión oral consistirá en actividades controladas que aporten expresións útiles para utilizar en contextos comunicativos e que inviten aos alumnos a traducir estas expresións para aprendelas mellor. Tamén se propoñen actividades máis abertas nas que os alumnos constrúen diálogos a partir do modelo. Estes diálogos poderánse representar directamente na clase, ou ben preparar por escrito para a súa lectura en voz alta. Antes de realizar unha actividade, o profesor aseguraráse de que os alumnos comprenden a tarefa. Non se dará por feito que van comezar a falar deseguida. Ofreceráse apoio escrito no encerrado se o considera o profesor. Organizaranse intercambios comunicativos entre parellas de alumnos que falarán mentres o resto da clase escoita. En diálogos máis longos, daráselles tempo aos alumnos para que preparen as súas conversas antes de representalas.

EXPRESIÓN ESCRITA

Hai actividades baseadas na escritura guiada. A axuda que se ofrece garante que incluso os alumnos de nivel máis baixo sexan capaces de crear un texto aceptable.

. OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS

.ENSINO PRESENCIAL

Á hora de realizar as tarefas, completar actividades, proxectos, etc. a organización dos alumnos ven imposta pola crise sanitaria.

O alumnado ten que manterse todo o horario lectivo no seu lugar sen poder mover mesas nin cadeiras, sen facer traballos en grupo ou parella.

Evitarase o intercambio de materiais (fichas, fotocopias...) e non se poderá recoller o caderno se non cambian as circunstancias actuais . Se se piden proxectos ou traballos, terán que gardar un tempo de corentena para ser avaliados.

As dificultades de comprensión e expresión oral, polo uso da máscara, implicarán un maior número de actividades orais de repaso para asegurar que o alumnado asimila os contidos.

ENSINO SEMIPRESENCIAL

Actualmente non se oferta

ENSINO NON PRESENCIAL

Efectuarase a través da aula virtual e da páxina web do IES Illa de San Simón. Procurarase impartir contidos (novos e de repaso) a través de actividades de diversa índole. O alumnado terá que remitir os exercicios polas canles que se establezan.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Proporcionamos material complementario en fotocopias se é necesario
Pizarra interactiva

.AVALIACIÓN

1 AVALIACIÓN INICIAL

DATA PREVISTA DE REALIZACIÓN: Terá lugar ao inicio de curso.

PROBA: En 1º ESO non se fai avaliación inicial porque non deron francés na etapa educativa anterior. Noutros cursos se pode decidir o tipo de proba en función da observación inicial do alumnado. Haberá exercicios relativos a vocabulario, estruturas gramaticais, funcións comunicativas, etc

Durante as primeiras semanas, a observación do traballo de clase tamén aporta información para adaptar a programación á realidade de cada grupo: se é un grupo numeroso se hai pouca motivación, posibles condutas disruptivas etc

CONSECUENCIAS DOS RESULTADOS DA PROBA: A avaliación inicial constitúe un valioso indicador do nivel de adquisición da lingua do alumnado e supón o punto de partida que se debe tomar no proceso de tratamento dos aspectos curriculares deste curso. A partir dos resultados decídese que contidos se deben repasar, os tempos de traballo da programación e incluso a metodoloxía máis axeitada en cada grupo dependendo da observación de traballo.

2 AVALIACIÓN CONTINUA

PERIODICIDADE: en cada trimestre poderá haber unha ou varias probas escritas dependendo dos contidos traballados.

CUALIFICACIÓN: A cualificación obtida en cada proba se lle facilita ao alumno e se ten en conta que o alumno teña o 50% das respostas ben para acadar cualificación positiva.

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN:

Considérase aprobada a materia de francés en cada avaliación se o alumno obtén unha nota igual ou superior a 5.

Para calcular a nota de cada avaliación teranse en conta as seguintes condicións:

- O 80 % da nota final da avaliación corresponde a unha media ponderada entre as diferentes probas obxectivas (exames, tests, exercicios puntuables, etc) realizados durante o trimestre.
- A nota das probas obxectivas pode ser unha nota media ponderada (percentaxes) entre os diferentes tests e probas realizadas durante o trimestre, que poden ser de diversa índole (repaso de vocabulario, repaso de unidade de traballo...). O valor exacto de cada proba tamén dependerá do número total de probas que se fagan durante o trimestre. Tamén pode ser resultado da nota media entre todas as probas realizadas se se lles adxudica o mesmo valor.
- 20% da nota corresponde ao traballo e comportamento en aula, é dicir, a cantidade e calidade dos traballos e actividades, actitude, participación, interese, asistencia a clase e puntualidade. A conduta negativa en clase, o incumprimento de normas de prevención de contaxio de Covid 19, a falta de traballo, a non presentación ou presentación incompleta de tarefas, restan puntos, ata un 20%, da nota final de cada avaliación.

- O alumno será informado das notas obtidas e do sistema de cualificación que se adopte en cada caso.

MECANISMOS PARA RECUPERAR UNA AVALIACIÓN NON SUPERADA. Esta materia é de avaliación continua co que se supera unha avaliación suspensa se queda superada a seguinte avaliación.

3 AVALIACIÓN FINAL

A nota final é a obtida na 3ª avaliación.

Excepcionalmente, e a criterio do profesor, a nota final de xuño pode variar da nota da 3ª avaliación tendo en conta as notas e resultados das avaliacións anteriores.

Francés é unha materia de avaliación continua co que queda aprobada si se ten aprobada a terceira avaliación na que as probas poden incluír contidos traballados ao longo do curso.

Nalgúns casos, e a criterio do profesor, poden realizar unha proba de avaliación final aqueles alumnos que amosasen esforzo e traballo durante o curso pero que aínda teñen pequenas lagoas no seu proceso de aprendizaxe da materia traballada. Poderase, se o profesor así o considera, facer una proba na que se avalíen os contidos e competencias traballados ao longo do curso. De ser o caso, a nota obtida sería a nota final.

4 AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- Para aqueles alumnos que obtiveron unha nota **inferior a 5** na avaliación ordinaria (xuño), levarase a cabo unha avaliación extraordinaria A FINAIS DE XUÑO baseada nunha proba escrita que conterá exercicios relacionados con contidos de gramática e vocabulario, comprensión escrita e expresión escrita.
- O alumno debe conseguir polo menos o 50% de acertos nas probas obxectivas de setembro.

5 RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES

MECANISMOS PARA O SEGUIMENTO

Para o alumnado que non superou a materia de francés de cursos anteriores o Departamento de francés oferta, durante o curso, tres posibilidades de recuperación da/s mesma/s:

- Superar probas escritas sobre contidos durante o curso na proba de avaliación de pendentes.
- Amosar a asimilación dos contidos do/s curso/s suspenso/s superando as dúas primeiras avaliacións do curso no que está matriculado.

- Facer unha serie de tarefas de repaso que o alumno deberá entregar periodicamente e debidamente realizadas.

Para o seguimento da materia de francés pendente de curso/s anteriores o Departamento toma unha serie de medidas:

- Proporcionamos, de maneira personalizada, a cada alumno, ao comenzo do curso, unha lista de exercicios e actividades de repaso que pode entregar mensualmente.
- Ofrecemos a posibilidade de vir ao departamento, previa cita, para resolver calquera dúbida sobre a materia.
- Enviamos información ás familias para que estean informadas e axuden ao seguimento da realización das tarefas.
- Facemos un repaso xeral, de contidos básicos de cursos anteriores, ao inicio de cada curso, para que poidan reforzar os aspectos nos que atopen máis dificultades.
- Facemos seguimento, na clase, do seu proceso de aprendizaxe.
- Francés é unha materia na que se imparten os contidos de maneira progresiva o que nos permite repasar contidos básicos regularmente polo que o alumnado interesado en superar a materia de francés pendente poderá traballar os contidos do curso anterior mediante a realización de moitas das actividades do curso no que está matriculado.

AVALIACIÓN DE PENDENTES

- Tódolos alumnos con francés pendente de un ou varios cursos anteriores poden recuperar eses cursos aprobando un exame de contidos lingüísticos.
- O alumno debe conseguir polo menos o 50% de acertos nas probas obxectivas de contidos. Se tivese un 40% de acertos pero amosase interese, esforzo durante o curso, entrega de exercicios, etc. se considerará aprobada a materia.
- Este exame, que terá lugar en abril ou maio, non terán que facelo os alumnos que teñan aprobadas as dúas primeiras avaliacións do curso seguinte ou que entreguen as tarefas propostas ao longo do curso.
- Os alumnos matriculados nun nivel de ESO con avaliación negativa na área de francés de curso/s anterior/es, consideraranse que xa recuperaron a materia cando aproben a área de francés do nivel e curso no que están matriculados. A cualificación da recuperación sempre corresponderá a 5.

6 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Tanto no ensino presencial coma non presencial, os procedementos de avaliación pretenden avaliar obxectivamente a asimilación dos contidos por parte do alumno, a súa implicación na aprendizaxe do francés, a súa participación activa na clase e a realización das tarefas que se lle soliciten. Os procedementos en ámbolos dous tipos de ensino serán a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, se tomarán en consideración tódalas producións para o desenvolvemento, tanto de carácter individual como de grupo se a situación sanitaria o permite: traballos escritos, presentacións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre

outros. Teráse en conta a realización de tarefas de repaso e reforzo na casa . É importante que o seu caderno de traballo recolla todo o traballo de clase de maneira pulcra e ordenada, coas fotocopias de exercicios complementarios facilitadas polo profesor. A avaliación **sumativa de cada trimestre** consistirá en probas escritas na que o alumno demostre a asimilación de contidos e competencias. En todo caso, os procesos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse a flexibilidade que esixe a propia avaliación.

.

.7 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Tanto no ensino presencial coma no non presencial, os **criterios de avaliación** e os **estándares de aprendizaxe avaliábeis** por materia e curso nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos do curso os criterios de avaliación

Os **criterios de avaliación** que establece o currículo para o primeiro curso de Educación Secundaria na área da lingua estranxeira, organizados en cinco grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais escritos, e coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural, son os seguintes:

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.

B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.

B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.

B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.

B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.

B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.

B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.

B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronunciación intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación.

B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.

B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes).

B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.

B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.

BLOQUE 3. COMPREENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.

B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.).

B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionas con outras materias do currículo.

B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.

B3.5. Identificar información persoal básica (descricao física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc.

B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, poñendo unha idea principal en cada parágrafo, etc.).

B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible.

B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.

B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais.

B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital.

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL

B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións.

B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo,

actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións).

B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.

B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.

B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.

B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.

B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado.

B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar.

B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

.8. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Os estándares de aprendizaxe neste curso organizáronse en cinco grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia plurilingüe e intercultural. Recollemos a continuación o lexislado:

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.

PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos,

etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.

PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.

PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.

PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.

PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.

PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).

PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.

PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.

PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).

PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.

PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.

PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.

PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.

PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.

PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.

PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).

PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais.

PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.

PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL

PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.

PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.).

PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua

PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).

PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

.CONTIDOS MÍNIMOS

Os mínimos que deben superar os alumnos para ter unha avaliación positiva na materia son:

1. **Comprender**, cun grado de corrección axeitado a cada nivel, as mensaxes orais e escritas en francés.
2. **Expresarse** en francés, oralmente e por escrito, cun grado de corrección aceptable de acordo ao nivel.
3. Saber **ler** diversos tipos de textos de forma comprensiva e autónoma.
4. Ser capaz de **identificar e empregar** correctamente **o léxico e os elementos gramaticais traballados no curso** e necesarios para poder construír frases e textos en francés.

5. Prestar atención ás **correccións e observacións** feitas na clase e reflectilas no seu caderno de traballo. **Correxir** os seus **erros** e traballar para superalos.
6. Empregar as fórmulas habituais de **comunicación na aula** e as necesarias para realizar as tarefas comunicativas propostas
7. Ter e **levar ao día** o caderno do alumno con pulcritude.
8. Entregar os **traballos** que se lle pidan.
9. **Realizar as tarefas encomendadas** ao longo do curso.
10. Amosar **interese** por coñecer a lingua ea cultura estranxeira
11. **Aprender** diversos aspectos da cultura estranxeira (festividades, costumes, lugares...)
12. **Preguntar dúbidas** a compañeiros /profesor e consultar dicionarios, gramática, etc.
13. **Comportarse correctamente en clase**, amosando sempre respecto cara o profesor e os seus compañeiros
14. Participar, con **actitude positiva**, no desenvolvemento das clases.
15. **Traballar** na casa regularmente

.ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En moitos casos, debemos modificar ou adaptar contidos ou a metodoloxía para que tódolos alumnos poidan alcanzar os obxetivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención para a diversidade debe ser sempre realizada en ambas as direccións. Así, constantemente se deberá abordar estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de formas diferentes.

O profesor intentará ofrecer actividades de reforzo e extensión que permitan dar una atención individualizada aos alumnos segundo as súas necesidades e ritmo de aprendizaxe.

Criterios e procedementos previstos para realizar las adaptacións curriculares apropiadas para os alumnos con necesidades educativas especiais

As adaptacións centraranse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Metodoloxía máis personalizada.
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
5. Aumentar a atención orientadora.
6. Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos.

a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados as necesidades destes alumnos para permitir alcanzar o máximo do seu potencial.

b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación de seu desfase para que lles permita continuar cos seus estudos con aproveitamento.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Conmemoración de festividades características da sociedade francófona (*La Chandelaire, Le Poisson d'avril...*)

Asistencia a unha obra de teatro en francés, previsiblemente en febreiro de 2022, se as circunstancias o permiten.

DATOS DO DEPARTAMENTO

PROFESOR	CARGO	MATERIA	CURSO
Pache Muíños, María Antonia	Xefa de departamento Membro do Consello escolar Membro da Comisión de Coordinación Pedagóxica Membro do Observatorio de Convivencia	francés	1º ESO 2º ESO 3º ESO 4º ESO